

CLASIFICACIÓN DAS PALABRAS

SEGUNDO O NÚMERO E TIPO DE MORFEMAS

Atendendo á estrutura da palabra, pódense distinguir os seguintes tipos:

PALABRA SIMPLE: A formada por un só lexema (**América**).

PALABRA COMPOSTA: A formada por dous ou máis lexemas (**Norteamérica**).

PALABRA DERIVADA: Formada por lexema e morfemas derivados (**americano**).

PALABRA PARASINTÉTICA: A formada por composición e derivación (**automobilista**)

SEMPRE QUE NON EXISTA A PALABRA ANTES (*norteamericano*, non é parasintética porque existe *americano*) ou por dobre derivación (**alaranxado**) SEMPRE QUE AO QUITAR O SUFIXO/ PREFIXO A PALABRA NON CONSERVE O SEU SIGNIFICADO (*ilegalizar* non é parasintética posto que, a pesar de conter prefixo e sufixo, fórmase a partir do adxectivo *ilegal*).

Palabras segmentadas e análise dos seus constituíntes:

Refacer: verbo (palabra derivada por prefixación /RE-/)

/RE-/ : morfema gramatical, derivativo (prefixo que indica “repetición”)

/FAC-/ : lexema

/E-/ : morf. gramatical, flexivo (vogal temática de 2ª conxugación)

/R/ : morf. gramatical, flexivo (tempo, aspecto e modo de infinitivo)

Películón¹: substantivo (palabra derivada por sufixación /-ON/)

/PELICUL-/ : lexema

/-ON/ : morfema gramatical, derivativo (sufixo que indica “aumento de calidade”)

/Ø/ : ausencia de morfema gramatical, flexivo (número singular).

Amoralidade: substantivo (palabra derivada por prefixación e sufixación /A-/ e /-IDADE/)

/A-/ : morfema gramatical, derivativo (prefixo que indica “ausencia de”)

/-MORAL-/ : lexema

/-IDADE/ : morfema gramatical, derivativo (sufixo que indica “relativo a”)

/Ø/ : ausencia de morfema gramatical, flexivo (xénero feminino)

/Ø/ : ausencia de morfema gramatical, flexivo (número singular)

Mulleres: substantivo (palabra simple)

/MULLER-/ : lexema

/Ø/ : ausencia de morfema gramatical, flexivo (xénero feminino)

/-ES/ : morfema gramatical, flexivo (número plural)

¹ Non é de *filme* senón de pel ou capa fina.

Cafeciño: Substantivo (palabra derivada por sufixación /-IÑ-/)

/CAF-/ : lexema

/-EC-/ : morfema gramatical, derivativo (interfixo que une o lexema co sufixo)

/-IÑ-/ : morfema gramatical, derivativo (sufixo que achega o valor de diminutivo)

/-O-/ : morfema gramatical, flexivo (xénero masculino)

/Ø/ : ausencia de morfema gramatical, flexivo (número singular)

Ventarrón: substantivo (palabra derivada por sufixación /-ON/)

/VENT-/ : lexema

/-ARR-/ : morfema gramatical, derivativo (interfixo que une o lexema e o sufixo)

/-ON/ : morfema gramatical, derivativo (sufixo que achega o significado de aumentativo)

/Ø/ : ausencia de morfema gramatical, flexivo (xénero masculino)

/Ø/ : ausencia de morfema gramatical, flexivo (número singular)

Ventisca: substantivo (palabra derivada por sufixación /-ISCA/)

/VENT-/ : lexema

/-ISC-/ : morfema gramatical, derivativo (sufixo que achega un significado negativo)

/-A/ : morfema gramatical, flexivo (xénero feminino)

/Ø/ : ausencia de morfema, flexivo (número singular)

Aniñado²: adxectivo cualificativo (palabra derivada por prefixación e sufixación /A-/ e /-AD-/).

/A-/ : morfema gramatical, derivativo (prefixo que achega o significado de "condición")

/-NIÑ-/ : lexema

/-AD-/ : morfema gramatical, derivativo (sufixo que crea adxectivos partindo de verbos ten os alomorfos /-ED/ e /ID/)

/-O/ : morfema gramatical, flexivo (xénero masculino)

/Ø/ : ausencia de morfema gramatical, flexivo (número singular)

Desenterrar: verbo (palabra derivativa por prefixación /DES-/)

/DES-/ : morfema gramatical, derivativo (prefixo que indica "acción contraria")

/-EN-/ : morfema gramatical, derivativo (interfixo que une o prefixo co lexema)

/-TERR-/ : lexema

/-A-/ : morfema gramatical, dependente, flexivo (vogal temática da 1ª conjugación)

/-R/ : morfema gramatical, dependente, flexivo (tempo, aspecto e modo de infinitivo)

² Da familia léxica de niño, non de neno!!!! Provéen do verbo aniñar.